

*This project has been funded with support from the European Commission.
This publication reflects the views only of the author, and the Commission cannot be held responsible
for any use which may be made of the information contained therein.*

YOUTH ACTING IN RURALEUROPE



Concello de Vimianzo
(España/Spain)



Ecomuseu de Barroso
(Portugal)



Ballyfermot Youth Service
(Irlanda/Ireland)



Je voyage donc je suis
(Francia/France)



Comune di Tortona
(Italia/Italy)



Obec Zemplínske Hámre
(Eslovaquia/Slovakia)



YOUTH ACTING IN RURALEUROPE



Youth Acting in Rural Europe é un proxecto europeo dirixido á xuventude, que xira arredor das temáticas do emprendemento xuvenil, a iniciativa social e o intercambio patrimonial natural e cultural, como eixos do desenvolvemento local rural e da construción dunha identidade europea común. O proxecto está cofinanciado polo programa ERASMUS+ 2014-2020 (Xuventude en Acción), e ten como obxectivo principal mellorar as competencias dos mozos/as participantes no proxecto en relación con esas temáticas, a través da aprendizaxe non formal.

En que consiste?

O proxecto consiste nun **intercambio xuvenil** que se levará a cabo en Vimianzo (Galicia, España) durante 8 días de actividades, **desde o 28 de xuño ata o 5 de xullo de 2015**. Nel participarán 30 mozos/as e 6 líderes de grupo de 6 países da Unión Europea: Portugal, Irlanda, Francia, Italia, Eslovaquia e España.

Os **obxectivos específicos** do proxecto son:

- o fomento e a posta en práctica de **competencias pre-laborais** como a iniciativa empresarial, a creatividade, o traballo en equipo, a comunicación, a negociación...
- o fomento da **participación dos mozos/as nas accións de dinamización social e do patrimonio e tradicións da vida local común á UE**
- a sensibilización da mocidade cara a **valores como a solidariedade, a amizade, a democracia, a cooperación e a empatía**
- a adquisición de **coñecementos sobre outras realidades culturais,**

e de **habilidades e actitudes** que lles permitan levar a cabo unha intercomunicación cultural positiva, cara á convivencia multicultural enriquecedora e o intercambio cultural activo

- a sensibilización **sobre a necesidade de adquirir hábitos de lecer saudables** relacionados coa participación positiva na contorna ambiental e comunitaria e a práctica de actividades ao aire libre.

Actividades

O intercambio xuvenil incluíra actividades de aprendizaxe non formal e informal, consistentes en **talleres, presentacións, debates, dinámicas, actividades deportivas e de lecer ao aire libre, xogos de rol, visitas etc.** Así mesmo, os mozos/as terán a oportunidade de coñecer desde a práctica unha experiencia de iniciativa local, xa que os días de intercambio coincidirán coas accións de preparación e participación cidadá no **«Asalto ao Castelo de Vimianzo»**, evento de valorización do patrimonio cultural da localidade.

Quen son as persoas destinatarias?

Mozos e mozas de entre 18 e 25 anos residentes nos concellos participantes no proxecto.

Como podo participar?

Para obter máis información sobre o proxecto e solicitar a participación neste, podes pórtelo en contacto con:

Concello de Vimianzo

Departamento de Promoción Económica

Teléfono: 981 716 001

E-mail: desenvolvimento.local@vimianzo.gal

www.vimianzo.gal

Youth Acting in Rural Europe is a European project directed to young people. It revolves around the themes of youth entrepreneurship, social initiative and exchange of cultural and natural heritage, as pillars of rural local development and construction of a common European identity. The project is co-financed by the ERASMUS+ 2014-2020 Programme (Youth in Action) and its main objective is to improve the young participants' skills related to these topics, through non-formal learning.

What is it about?

The project consists in a **youth exchange** that will take place in Vimianzo (Galicia, Spain) during 8 days of activities, **from June 28th to July 5th, 2015**. 30 young people and 6 group leaders from 6 European Union countries (Portugal, Ireland, France, Italy, Slovakia and Spain) will take part in it.

The **specific objectives** of the project are:

- promoting and implementing **pre-employment skills** such as entrepreneurship, creativity, teamwork, communication, negotiation...
- encouraging the **participation of youth in actions of social stimulation and those regarding heritage and traditions of local life**
- boosting the **sense of common belonging to the EU**
- raising awareness of youth regarding **values such as solidarity, friendship, democracy, cooperation and empathy**
- acquiring **knowledge about other cultural realities, and skills and attitudes** that will allow the young people to carry out a positive

cultural intercommunication towards multicultural coexistence and enriching cultural exchange assets

- raising awareness **regarding the need to acquire healthy habits of leisure time** related to the positive participation in the environmental community and to the practice of outdoor activities.

Activities

The youth exchange will include non-formal and informal learning activities, consisting of **workshops, presentations, discussions, games, outdoor activities, role plays, visits, etc.** Moreover, the young people will have the opportunity to learn from the practical experience of local initiative, since the days of exchange will coincide with the actions of preparation and citizen participation in the **“Assault to the Castle of Vimianzo”**, local event of cultural heritage enhancement.

Who are the beneficiaries?

Young people aged between 18 and 25 years old, living in the project participating municipalities.

How can I participate?

In order to obtain further information regarding the project and to apply for participation, please contact:

Concello de Vimianzo

Departamento de Promoción Económica

Phone: +34 981 716 001

E-mail: desenvolvimento.local@vimianzo.gal

www.vimianzo.gal